

2.º premio do X Concurso literario Mazarelos (2024)

Brais Neira Ferro

Febres Somnámbulas

FEBRES SOMNÁMBULAS

Unha língua é máis que unha obra de arte; é matriz inagotable de obras de arte.

Castelao

Prólogo

Febres Somnámbulas constitúe unha exploración fenomenolóxica da experiencia estética, onde o suxeito poético opera como un eixo perceptivo que transita entre as fronteiras do consciente e o inconsciente. A obra actúa como un espazo de revelado ontolóxico, no cal a intencionalidade do "eu" poético non se dirixe tanto á captación do obxecto en termos de realidade sensible, senón á creación dun campo simbólico, no cal o significado se revela mediante estratexias de afloramento do inconsciente.

Nesta poética, a materialidade da linguaxe e a percepción ordinaria son superadas por un xiro fenomenolóxico que introduce o suxeito nunha contemplación profunda das estruturas da súa propia percepción e da realidade que o circunda. Cada verso, cada imaxe, é unha manifestación do que a fenomenoloxía husserliana denomina o *fluxo pre-reflexivo da consciencia*, onde a correlación entre suxeito e obxecto devén ambigua e maleable. Aquí, o "eu" poético non se limita a representar o real abrupto, senón que se implica na creación dun espazo simbólico que permite un acceso indirecto ao núcleo do ser.

O suxeito poético é configurado como un arqueólogo do inconsciente, cuxa tarefa non é descubrir unha verdade última, senón explorar as formacións simbólicas que emerxen no proceso de sublimación estética. A través dun proceso de metáfora e metonimia, conceptos seguidos da psicanálise de Lacan, a linguaxe poética distánciase das formas convencionais de significación, operando segundo unha lóxica do desexo que transcende os límites da representación lingüística convencional.

A estrutura deste poemario segue un itinerario epistémico que se pode comprender en termos de catro momentos ou estadios clave, cada un correspondente a unha fase distinta no proceso dialéctico entre o suxeito e o obxecto:

1. A sedución do obxecto sensible : na fase inicial, o suxeito poético queda capturado pola materialidade do obxecto estético, sometido a unha éxtase sensible que o atrae, mais que, simultaneamente, o mantén separado da súa verdadeira esencia. Este é o primeiro estadio da fenomenoloxía da percepción, onde o suxeito experimenta o mundo tal e como aparece, mais sen lograr penetrar a súa estrutura interna.

2. A reflexión sobre o propio suxeito: o desengano producido na primeira fase leva á autorreflexión ontolóxica, onde o suxeito comeza a contemplarse a si mesmo

como obxecto de experiencia estética. Nesta etapa, o corpo fenomenolóxico do suxeito —o *Leib* en termos de Merleau-Ponty— devén a interface entre o mundo exterior e a interioridade do ser. Aquí, o suxeito non só reconece a súa materialidade, senón que a estetiza e se converte tanto en obxecto coma en suxeito do coñecemento estético.

3. A percepción sensual e epistemolóxica: na terceira fase, os sentidos do suxeito poético adquieren un rol central, operando como mecanismos epistémicos que permiten aprehender o mundo non a través da razón, senón mediante a experiencia sensorial directa. Este proceso está intimamente relacionado co concepto de sinestesia fenomenolóxica, onde as percepcións individuais dos sentidos se mesturan para crear unha experiencia integral que transcende a percepción ordinaria.

4. A fusión co natural e o simbólico: o estadio final marca a disolución definitiva da distinción entre suxeito e obxecto. A través dunha fusión ontolóxica coa paisaxe natural e simbólica, o suxeito poético abandona a súa individualidade para participar nun proceso de identificación arquetípica, en termos junguianos, coa totalidade do universo estético. Aquí, o suxeito deixa de ser un observador externo da beleza para se converter en parte constitutiva do seu fluxo, participando nun proceso de creación cósmica que transcende o tempo e a materia, sendo parte da natureza preartística.

Este poemario non debe ser entendido como un conxunto de versos illados, senón como unha proxección hermenéutica que revela as relacións entre a estética e o inconsciente, o sensible e o simbólico. A linguaxe de *Febres Somnámbulas* opera segundo unha lóxica do desexo e da falta, onde o suxeito poético busca, a través da experiencia estética, unha sorte de gozo que só pode ser aprehendido mediante o abandono das categorías lóxicas e racionais tradicionais.

Ao final desta viaxe, o suxeito poético non é quen de contemplar a beleza como algo externo, senón que se funde con ela e alcanza unha forma de coñecemento que é, ao mesmo tempo, estética e ontolóxica, produto dunha experiencia fenomenolóxica total, onde o ser, a linguaxe e o desexo se entrecruzan no que poderíamos denominar unha verdadeira *sublimación psicoestética*.

materialidades que se orbitan e se cortan polos beizos

andrómeda

empápame as veas en iris
e que a túa hemoglobina me camiñe,
ximnasia devota de monet,
féndeme as sinapses cun virus oxitocina
e déixame ver o caligrama sen tinta atemporal,
con fluídos de serie e remaches perennes;

serea *punk Lied*,
cortinas xaspeadas e loucura cadela,
autómata respiradora de neoplasticidade circuloide,
ou aerovexetación de tinte sol nacente
e bandjazz noctámbula e
transmigración colectiva,
o transorgánico escintileo cigotiza
nas terras canallas,
chuvia cósmica de evolución animal,
verso do monólogo espido que
baila mareas

fotoxenia

sabes das morfologías da febre ponderada,
bico de leite abrente dos seos horizontais
dunha noite de sombra dilatada,
a hipnose contaxiosa dun ollar animal,
autor(e) da fe húmida dun desexo
palpable a unha visión de enrugamento simétrica ou
dun corpo en vertice táctil da túa reserva existencial,
prorrogada á fragilidade do parámetro siliciano
que amosa a derme salgada que precede a miña
[miopía
de fluidez líquida cara á intimidade abortada nun
hematoma de atrofia e desvalor sentido
pola carne daquel monólogo virxe no cal
a pureza máxica foi a solidez conclusiva
do estalar anatómico do meu culto
[/fugaz/

a loved supreme

bebía petrarca en cáliz soprano,

o narciso centrifuga as secantes

da inmediatez do desexo catabólico

e da alegoría noctámbula,

a intersección baila en rodas de augazul

e tintes edulcorates que

canalizan as rutas fotosintéticas da

[membrana mental

rodando as pernas do corte cara

ás pupilas do ser,

rumía a caricatura saxofonista

que dedica a instrumental acromatoide

á pel pitagórica que espiralizaba

as contraccións oculares da miña sinapse

[dopamina,

cortei as aspas da xeografía

nun nado flotante e unha bala perdida

e espín a postura da alquimia

na prehistoria ritual dunha

[notación reverbada

que aliviou o tacto de dous misterios

que se orbitan e se cortan

polos beizos

ettore e andromaca

o léxico do seu hábitat en ollos de latente

[contaxio,

recita a dilatación do diálogo ritual en

plasma de fluidez interna, matriz de anatomía

de aire e carbono fotosintético,

culta ximnasia espiral en incendio de pinga a

marea, seitura das cóxegas fragmentadas do

manual retrospectivo,

descifra a posibilidade pactada dunha compañía

de par, latexo de hora mecánica ou

parábola de contención da derme en

pel de ilusión reflexa, esencia do perfil encarnado

polo programa de impresión distante

e en materia de clásica exposición

a xuntanza de corpos expostos no espazo propio,

fusión vermella e

media lúa escarlata

breve son

a alta definición do corpo que esvae

a inmaterialidade astuta dun

regueiro incrustado

na respiración operativa que

contrae as pestanas

en píxel de contorna apagada,

a forma de embigo en flor de mistos

ou alfabetos de luxuria experimental

en dous acenos de electricidade rosada

que vertebrada a estrutura,

dialéctica de inmersión nos teus beizos

que rozan as papilas debuxadas

no sinal enrugado, imaxe do tempo

[difuso

o revelado danza a caluga entre xelatina

e bromuro descomposto na

autopsia musical que

[excede a palabra,

pulsión escópica ou azul decibelio,

palpa o ollo dentado ou secante do acougo,

lingua do delirio xordo,
e na caída do silencio
enmudece en pronuncia
da calamidade bicada

daquel violín calado

a pedra pondera colares na besta

que abala a contorna do reloxo

amarelo zoante;

onde se oculta a ciencia da seitura dos ósos?

que non piquen as pálpebras da risa en

acordeóns de frauta tecla,

nin o veneno da gorxa enraíce aquela raíz

de miocardio empalado

a ollada das serraduras dos seos da túa tarde follada

e o último cume de presos recordos en baixa estima

dun paganismo fronteirizo coas demoras futuras,

dun cabestro de fío suave

abandona a sonata dun maio maduro,

o cheiro cotián e a tendencia húmida

dos desexos de embigos que emigran

a un sexo remoto sen

trasfegar coa lingua autóctona

que chora as estrelas

ou que un borracho me fale
[de deus

violets for your furs

beleza -*obscena*- mediante a contracción de carne

de animal caníbal,

espasmos de calamidade medida

mediada

ante a neurovisibilidade histriónica

que reduce frecuencias do ser como

aritmética dogma

contra a potencia mermada dunha rotación

mecánica de

disolución

castrados pitagóricos ou filharmónicas de reuma

carga de prismas insolentes máis

desarme carrañento entre pares de alegorías e comúns

de fricción anabólica

alerxia frenopática nun flanco de catarse covarde

a coalición mermada de

antonimias desencaixadas no paradoxo

en enclave de porto seguro

descoñecemento da insolencia ofensiva

e claros guiados polo absurdo

musitacións

respiro o silicio do teu

ventre do silencio;

o remorso de catro lúas en estación equinoccia

empapan o meu desexo precaótico

vexo

a figura *(fuxida)*

dun pasado presente que

se retorce, morde, desquicia

a miña sutura en

pel de cal ou

crisálide pétrea

a luz esvara a tentación do tacto último

mentres se grava a arritmia metabólica

que cobre a condición futura

de non compartir

reduzo os sentidos ás últimas vibracións

[presentes

do teu existir fugaz

en min

e recoñezo a neopatoloxía belicosa;

índice dun suspiro a *sottovoce*

e fai reverso da sentimentoloxía

a man without gravity

a buixana respira pedestre, locomotora dependente,
intendente alleo de pulsacións cordas,
cromatografía da respiración arrítmica e frío de serpe

os anións bailan en punta de cola,
follas de illa, outono calado ou
estrofa perdida

mímica de costumes *instras*,
espello de psiqué onde
agudiza a preamar de sólidos anhelos
e rulos lisos de sendeiro malonírico alucinóxico,
serea deforme e costra vagalume;
beksinski arte realista

nas cortinas do reservado dun loito con motas borrosas,
cheira a vista un rumor acedo que lambe
[no interior do cranio
as testemuñas dos significados da bitácora propia
que cospen latexos que se senten coa forza da transparencia

paradigma da postexistencia compartida

desempánase a costra cíclica,
no espello, un narciso desafozado
e, nas esquinas,
herba lumrada e crise botafumeiro

que a partícula colosal pregunte
se o egoísmo nace dun solsticio perenne
e como se chama a ledicia autómatas

en parís unha mosca pensa diúrna e,
no caldeiro dun bretón, tartamudea signos
de manifestación desglosada en
sesenta e seis paradigmas dun termo
de dezanove revólveres e un
[androcentrismo pituitario
que segrega *earthlight*
dunha constante magnética
que apunta cara a un centro humano
de apego material da substancia cárnica
con homónima silábica
e allea erma

es ti ou eu son,

o pano do pintor choca co cadro

e cara a abaixo ascende a pinga de cor

que goberna o narciso

estéreo

demencia gaseosa e sólido cristalino,

a presenza ausente dun corpo desafinado

polos ecos que

ferven en náusea excitada

as revoltas que lamben nel

nun sumidoiro desencaixado,

nun abrente de febre en motor de desfibrilación,

cospe a voz sináptica unha badalada

que chora en cute muda a negativa de

sentir en contacto rotativo a existencia inmediata

afastada a óptica auditiva, mensaxe súbita

ou luscofusco,

queda en término rasgado a solidez

dun retorno cualitativo que bique

o cadaleito das ensoñacións presentes

[en ritmo descompasado

e rabuñe a terra coa reminiscencia que asegure

a visión do rostro da *estética*

ás de tres ecos

e se tendes a plasticidade dunha salinidade permanente,

orbita en retícula de sonda permeable e

escoita o calcinoma da miña gorxa que inmola

(ex nihilo)

a paráfrase de catro compases en comparsas cárnicas

que merman a condición de retorno en esterilidade concisa

ou olfacto morado psicoatomizado,

resonancia da linfoalegría, articulación de frase inicial e peche

amorfo formado

o arbitricidio entre q desnaturalización cotiá e a alquimia vital

[persefoniana,

ardor en liña de tres segmentos de

representación psicolingüística entre *causas mundis*,

ou o cabaz inmaterial da

necesidade viscosa, virtude en defecto forzado,

dunha aparencia ínfima que permita

o son das mámoas en amarelo cardinal contraforte,

rozadura aceda da vitalidade demográfica en sonata de vixilia,

e cera lambida en onda sesgada, o raciocinio

quebra a multicapacidade de sentir en autonomía o alleo,

comparsa esferoidal de sensación coevadida

black on grey; rothko

cócese o caldo na terra alcatranada
coa mollada epiderme verde en augas
caladas de anís estrelado nunha noite de
orellas mudas e cicatrices cerradas
que foran preámbulo de alegorías murchas,
espóruas de axóuxere ardente
e cal maníaca,
caducos mosaicos da pirenaica irreverencia
do doce afán da éxtase propia na
endocitose afiada
que carga metais
que agariman o caldo
con cheiro a podre e carne espida

o colibrí dos ollos de mosca

a estrutura ósea da caída pactada,
proxección de febres covardes e humidade
[fármaca,
é obsesión ou metástase lenta da
gorxa literaria e atracción insurxente,
dáme nas estepas desterro e conviccións que flúan
cara aos sentidos dunha sede vella herdada de
[maiacovski,
quen ladra procesións xordas e contraodio psicodélico
nunha trama de arquitectos visuais
que piden profanar as veas con susurros
e remorsos acelerados dun
corpo que súa espírito
mentres rima as sabas revoltas
da escisión dos ósos que cheiran berros de sal
e copas baleiras;
que contaxie a enerxía a vertixe
e que a furia bicada sexa prótese simétrica
do curso derradeiro da usura cega
que acompaña o son das cores que

pintou de stael

tras ulir os versos do piano,

psychedelic

psychedelic *psychedelic*

psychedelic;

a esencia da prórroga canaliza a arritmia

das queimas latentes e a

persecución telúrica dos ríos de ron

que cruzan a función metalúrxica

dunha derme con sangue

e carmín

cuantificación cualitativa

as miradas de microscopía,
cento oitenta ondas de macrochoque glacial,
escorbuto rescatado en sorna de butano e gasoil,
adiante queda a radiactividade neuroatípica
dermis impolutus,
pálpebras de febre e
anestesia local desfibrilante,

presbicia dunha condición de *favela corpus*
anemia de seropositividade en graza
escoita a singularidade da ameaza interna,
a linguaxe dos atrios mutuos, e
sintetiza a pelve en cicatriz abrente
xesta de cardume en folk sinxelo
ou besta de carga de *presa fugit*

a carraxe en corpo de resistencia autónoma,
fiandeiros dos contratenores apalabrados dun
péndulo en norte cardinal de fin,
sen principio nin proporción calcada,
esquecendo a metafísica da linguaxe e forma,
retendo as últimas vibración sentidas

limitografía

ando á procura da remasterización fatal,
carabina tenue en serpe de grave amarelo,
polo vibrar do sangue en velo mestizo
ou contractura estéril

permíteme invadir coa intransixencia a-

rrítmica a concreción dun espazo breve
que inmersione no esperma

[do silencio

as revoltas de palabras en desexo
dun fluír urxente de bágoa, suor e sono,

a viaxe prenoctámbula do acto feroz

de esquecer

e sublimación da metasensibilidade

techno abstraction

ao compás dunha badalada xustaposta
 á velocidade de ventres de pedra
que nifran os neutrinos do vento;
son hipnose atmosférica e disonoridade
 dunha distorsión tenue das cores primarias
que subtraen dun epitelio esquecido,
 os recordos
 [de catro noites maias,

na abstracción da éxtase que tatúa carabinas enérxicas
e alentos que bailan ao son
dun silencio distraído e da reticencia azul concorde
que rabuñan os límites neuróticos roendo
 [as nubes
coa saña que dorme a paisaxe da guerra,
 prodixio dunha luz musical que desmente a inocencia
con salvaxadas cálidas e golpes contra o estado manchado

 e, cos ollos branco seso,
dilátase a figura fuxida da pálpebra líquida
e a orxía nifrada a debuxa unha calcomanía
 que cheira a gloria e vodka anarquista;

os parámetros orgánicos do corpo xestículan equilibrio
adicando as coreografías obscenas ao contaxio
dun espírito excéntrico e un guión experimental

il barocco geme bruno

exploro os brúidos cereais dunha cultura táctica

que rabuña a macroderme dunha oración

[en clave de bach,

onde *die luft* aborda as paixóns capturadas

polos dedos dunha lingua latente

que, en fluír de ascendencia,

resga o xeo do inferno e esculca

a onda dun orgasmo anxo que atravesa

as vertentes cálidas do hematoma xesticular

que sangran os ouvidos ferrosintéticos,

a interpretación de sensacións molladas

recitan as canles da

res extensa

que contrae os músculos torácicos,

reprimindo a musicalidade íntima

do xeito oblicuo de sentir,

obrígame a calamizar a mente e caer

nun suburbio sensacional

que afumea *realismo sucio*

cunha inxección hidráulica nas pálpebras

da infamia cíclica que toca un piano borracho

[a nota de martelo

cun tacto castaño e

unha atrocidade sublime

auld lang syne

a tactilidade de tres ondas de contacto animal

adoece en solpor de grans escolmables a

prótese de trebón ou

erosión radial murmurada

contando a caleidoscopía dun ventre de cobre e lastras

[de contrabando escusado,

uniformidade explicativa da periferia escrita en cento oito

microderivadas antihomoxéneas de desazo trifásico

a guillotina escolma a audición en liña coa obtusidade

dun carácter cerebro-biliar sobre a serpe agnóstica

ou a calamidade dun cego de oídos caducos

xeme a carótide unha selva líquida de pernas andróxinas

que relamben os pelos da natureza

ou choran o outono

nunha baía extraviada

pregunten as termas feridas que sabe da cor da serea

e que canten as pontes de sarabia un holograma

de salaios e hedras medradas,

que a voráxine dun reo me ferva as catarses dun

remorso de febre ou cale a saliva de vista viola
en sete saias de lingua *donna*

entón a verba morcega chisca un dente de soa maceira,
e sabe o fío silvestre da intendencia cardinal pregoada

en tempo dun corpo de terminoloxía abstracta
no cal a fibra coñece a ilusión e
a imaxe dun medo vibra en sílaba átona

epileptic seizure comparison

deixa que penetre nas arterias a cromofase

dunha luz evadida

ou clavicémbalo silicio que chora engurras de

seme e pureza estrófica,

concatenan os pigmentos de *dark movies*

que promoven o gusto radical

pola esencia escindida ou

o lubricante da tenrura suave que precede

[a beleza obscena

(silenzio)

que os vestixios visuais me arrasen os ouvidos

con ferruxe fotoestética e clorofila inocente,

a roupa espida e agullas na cara,

a simetría da cor de escote, formiga latente,

ou o colirio da cachimba de verme

(buio e silenzio)

e vertixe de ancoraxe ou vértebras caducas,

refúxiase no meus ósos o *kaos* latexante
de sons inventados pola humidade dunha imaxe
que viaxe en partículas de onda
pola canle do intestino groso e a gorxa escénica,
proxeccións caleidoscópicas dunha
[penetración calada e insomne,
a coiraza da anarquía punk
e o remorso do espello que arde

(*buio*)

un bico á ausencia que flúe nos dentes cárnicos
e no perfil violenta,
quen sabe onde te come a hemorraxia
dun xesto sublime que percute
os conceptos sonoros ou a fotorresistencia mecánica
dun corpo demente e dunha neuroloxía abstracta,

mentre gli angeli piangono,
preparo il pianoforte

e lambo as teclas que atravesan
os debuxos esvaídos
dun canon en retículo de re sintético;

scarlatti filma reflexos de sons
do croma caravaggio.

(luci e fine)

impresións diurnas

as liñas clandestinas do meu
[pigmento estrafalario
combustionan en clave perdida o degoro
por procesar en esencia orgánica
as impresións do espazo virxe propio,
perseguido a imaxe coreografía que
ouvee en xesto unánime a cosmovisión interior
que fende ás á neuroanatomía hormonal dun
corpo en esencia dianoica en busca
de impresións gravadas en carbono pálido
e fendeduras de cal e estrías que
entumecen a procesión fiel particular
a medida que escarva en tinta
[de sol nacente,
a polaridade celeste prenoctámbula

e, da agonia da materialidade, natureza sensible

(i)

(luz morada e ondas martenot)

a caer arrepíos de música xeométrica
nunha demolición de xiros inconstantes,
sen pausa, punto de sentido, cinco alentos en
intermitente transformación tatuada, rosa de cal e
xílgaro de procesión creada,

canta a besta en ferro húmido a neutralidade que
salta en min carne quente e teito material,

esvarou a transición coercitiva, un muro cisterna,
vestixio moral pintoresco
ou marxinalidade de beleza performativa

solidario grotesco en clave invisible
o líquido da idea, distancia en

murmurio presciente,
invidencia dun corpo que se esvae á
cara pigmentada de traxecto diagonal,
fío lento ou xesto unánime
que distorsiona a conciencia co

gusto móbil
dunha serea de fábrica que ouvea estrañamento

(silencio)

(ii)

(luz vermella e theremin)

fende á vista harmónica

as palpitacións de biombos de lume carnal,

compás histérico ou frivolidade,

a contratenor a materialidade de cordas,

a temporalidade de realización pasiva ou

a estrañeza en permutación de sísifo

luminotecnia da friaxe copular,

as facetas grafadas en croma auditivo

na capilaridade diúrna en estadio de fundición

entre cánticos de rozamento impoluto e un rumor

[minguante,

coma plumaxe en espazo aéreo,

levemente treme a simetría,

corporeidade secreta en

vertixe de dor e tenrura,

bícame as vértebras na procura dunha ollada táctil,

derradeira sinfonía en periodicidade orgánica,

resto da fragilidade de equilibrio fármaco e

nostalxia que lubrica o desexo

(iii)

(luz azul)

sería a luz que me alagaba que
deixa un bico no espello,
un suco de hematoma e voráxine en
conversa coa alborada de fiestra salgada
que anuncia a ritmo
fragmentos de epidemia e auga destilada,
afluencia de terra baleira e froita de outono,

quen deforma a estrutura neurótica nun
luxo indefinido,
ousada alerxia transpirante,
e sen ti ser eu de novo
desfilas en catro materias astutas,
sen límite e corporeidade empapada
en roupa gasosa cara á extensión
do ollo rugoso de fina agulla,
a cor de prodixios calados
polo canto tríptico dun manicomio e

é o espectáculo de tacón quen
xogou en diva contenda
a voar en faceta delirante contra o silencio,

marca concreta e figura conxelada

(escuridade e silencio)

(iv)

(luz amarela e kalimba)

a imaxe da aparencia disidente,
suco vermello sobre prata azul que lambe
textura láctea en alta garganta visual,
mentres enruga un sexo remoto que
saliva as fendas da herba azul

(lume)

nun estado de real abrupto, perspectiva de
lareiras e escolmas
en actos de fe á realidade consciente,
preludio en comparsa viciosa das intrigas
que voan en espuma de terra maina e

lenda que inventa

[a corporeidade simbólica

(escuridade)

(v)

(luz verde e ópera)

desorbitando os enxertos en pel

[das mazairas,

gaiola dos ronseis que anodan

a clandestinidade noctámbula,

componse unha colaxe políglota

acompasada en cita de noite náufraga pola

liridade da quietude en paso de baile

nas fiestras de cantiga loira e vidro en mármore

rumia o hermetismo sedimentoso,

féretro dun tranvía en descomposición candente

de silofonía borracha ou tartamuda silueta

[do reloxo pasivo

que esquece o desexo paralelo ou

espanta o escaparate dunha lúa en

[dermofase térmica

e un paraugas famento deglute as barbas

da cidade allea que

con peteiro de mosca ou gaita amarela

escorregan a xeografía das ás

daquel que asumiu a tanxencia da illa perdida

(escuridade)

(vi)

as anacos das ringleiras de siluetas
en equilibrio transparente
somérxense á contraluz no gozo infecundo,
escolma de mosca ovina,
de fumar en reloxo de sono a
natureza preartística
dunha sublimación en acuarela auditiva,
préa da cinética amaterial,

mentres a engrenaxe da electrostática de
[contacto líquido
permea a vulnerabilidade do silencio, chora
o desexo vexetal en anestesia salvaxe
ou cantar borracho

e a alma irredenta do acordeón clama
en sal de voz vermella
a monotonía acompañada da substancia,
anaco e intre agonizante

abandona o reverso do corpo e
fúndese coa necesidade virtual,

é causalidade primeira e

simbiose sensible

(silencio e ruído interno)